


BASES DE PARTICIPACIÓN PREINCUBADORA PROGRAMA EMPREAMAR



FINANCIAN



COLABORAN



O proxecto “EMPREAMAR : EMPREDEMENTO MARIÑO PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE NO CONCELLO DE SADA” promovido polo Concello de Sada e financiado polo GALP Golfo Ártabro Sur, o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e a Consellería do Mar, baséase na promoción e fomento do emprendemento en base ao aproveitamento dos recursos naturais mariño-costeiros materiais e inmateriais, endóxeos do territorio GALP Golfo Ártabro Sur e a xeración de riqueza nas áreas costeiras, a través da posta en marcha de negocios sustentables, rendibles e inclusivos.

OBXECTIVO

O proxecto EMPREAMAR ten como obxectivo contribuír ao desenvolvemento social, económico e ambiental do Concello de Sada e a súa área de influencia, de forma sostible e a través da creación dun ecosistema de emprendemento viable e inclusivo, buscando a xeración de riqueza nas áreas costeiras, mediante a posta en marcha de negocios sustentables e rendibles relacionadas co medio mariño e marítimo.

A promoción e fomento do emprendemento farase en base ao aproveitamento dos recursos naturais mariño costeiros do territorio do GALP Golfo Ártabro Sur, no entorno do Concello de Sada. As presentes bases regulan a preincubación de ideas de negocio, que no caso de ser viables, serán empresas.

INFORMACIÓN XERAL

1. Bases do Programa da Preincubadora

As seguintes Bases teñen como obxectivo establecer as normas de participación na fase de Preincubación dentro do programa Empreamar promovido polo Concello de Sada e financiado polo GALP Golfo Ártabro Sur, o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e a Consellería do Mar.

O obxectivo desta fase do programa é o acompañamento das persoas emprendedoras, para a elaboración dun plan de negocio viable da súa idea de negocio.

A participación no Programa de Preincubación rexerese polos termos e condicións que se especifican a continuación e que inclúen os criterios de elixibilidade das ideas de negocio participantes.

As datas contempladas nas presentes Bases son orientativas e susceptibles de modificacións. Os prazos e datas definitivas correspondentes ás actividades concretas serán publicadas unha vez sexan seleccionadas as ideas que participen na Preincubadora Empreamar.

2. Actividades do Programa

O programa, a través da posta en marcha da preincubadora EMPREAMAR, ofrece ás persoas emprendedoras seleccionadas (máximo 12 ideas de negocio) a titorización e mentoring do seu proxecto en base a unha metodoloxía práctica e personalizada, profundizando no reforzo técnico e emocional-motivacional coas seguintes actividades:

- Elaboración dun Plan de Negocio sobre a idea empresarial personalizado.
- Unha sesión informativa sobre as iniciativas de apoio ao emprendemento existentes na zona e as axudas e fontes de financiamento económicas dispoñibles para o emprendemento.
- 5 obradoiros formativos, de 4 horas cada un, en materias relacionadas co plan e xestión de empresa:
 - Modelo de Negocio-Plan de empresa
 - Análise do mercado: posicionamento e competencia. Definición do Produto e do Cliente
 - Plan de comunicación e Márketing. Márketing Dixital. Estratexia de Prezos e Plan Comercial
 - Xestión Económica-Financeira na empresa
 - Xestión de Recursos Humanos e Liderazgo
- Sesións de titorización individuais con cada persoa emprendedora (6 sesións)
- Contacto continuo vía Skype e correo electrónico (seguimento individual)

3. Metodoloxía

A metodoloxía a aplicar terá as seguintes características:

- Participativa. Aplicaranse técnicas que promovan a participación activa das persoas beneficiarias en todo o programa.
- Baseada na transmisión de coñecementos e valores. O emprendemento precisa de contidos técnicos e de xeración de valores fundamentais. Todos os módulos do programa deberán considerar ambos aspectos por igual.
- Impacto. Traballarase e incorporará transversalmente a xeración de impacto da actividade empresarial sobre a súa contorna.
- Científico-técnica. Incorporaranse aspectos relacionadas coa valorización de recursos mariños, que aínda que non formará parte de forma directa no programa si o fará transversalmente.

4. Calendario e duración das actividades

Actividades	Data Inicio	Data Fin
Selección de ideas		
Reunión Comité	20-01-21	20-01-21
Definición bases programa	20-01-21	20-01-21
Establecemento do formulario	20-01-21	20-01-21
Difusión/Lanzamento	27-01-21	27-01-21
Captación e Rexistro de ideas	27-01-21	19-02-21
Selección de ideas	22-02-21	26-02-21
Difusión ideas seleccionadas	27-02-21	02-03-21
Inicio fase Preincubación	04-03-21	05-03-21
Formación/Titorización		
Sesión formativa	08-03-21	12-03-21
Titorías	15-03-21	26-03-21
Sesión formativa	05-04-21	09-04-21
Titorías	12-04-21	23-04-21
Sesión formativa	26-04-21	30-04-21
Titorías	03-05-21	14-05-21
Sesión formativa	17-05-21	21-05-21
Titorías	24-05-21	04-06-21
Sesión formativa	07-06-21	11-06-21
Titorías	14-06-21	18-06-21
Peche Programa	21-06-21	25-06-21

5. Criterios de elixibilidade

Os requisitos mínimos de acceso ao Programa serán os seguintes:

- As persoas emprendedoras deberán ser maiores de idade.
- Cada participante poderá participar nas candidaturas que estime oportunas, coa limitación de que unicamente optará á elixibilidade de unha única candidatura.
- As persoas emprendedoras deberán ser autoras intelectuais da idea que presentan, ou no seu defecto, dispoñer dos permisos correspondentes de uso de propiedade intelectual ou industrial de terceiros.

Participantes elixibles:

As persoas participantes deberán ser persoas con interese no ámbito do emprendemento. Se ben os criterios de valoración sen ser excluíntes valorarase a seguinte prioridade:

- A) Segundo a poboación de empadramento:
1. Territorio GALP Golfo Ártabro Sur:
 - 1.1. Sada
 - 1.2. Arteixo, A Coruña, Cambre, Culleredo, Bergondo e Oleiros
 2. Outros concellos de Galicia
- B) Terán preferencia, as persoas desempregadas tales como:
- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
 - b) Menores de 30 anos, en especial, persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional
 - c) Persoas paradas de longa duración
 - d) Persoas con discapacidade
 - e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestación e subsidios por desemprego a que tivesen dereito
 - f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos
 - g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia

Para os efectos deste programa terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, así como a concorrencia dalgún dos factures de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:

- a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.
- b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de sustancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante
- c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero
- d) Ser una persoa vítima de violencia doméstica

- e) Ter una discapacidade valorada superior a o 33%
- f) Ser inmigrante ou emigrante retornado
- g) Proceder de institución de protección ou reeducación de menores
- h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penal
- i) Ser una persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda
- j) Pertencer a una minoría étnica
- k) Estar en proceso de abandono de exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas
- l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reatribución sexual
- m) Calquera outro factor non previsto expresamente sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte do persoal técnico de Comunidade Autónoma.

Criterios de elixibilidade das ideas seleccionadas:

O Comité Técnico realizará a valoración dos proxectos presentados en base aos seguintes criterios, sen ser excluíntes, e establecerá un ranking de ditos proxectos coa finalidade da seleccionar ata un máximo de 12:

- Grao de adecuación da idea emprendedora ao programa relacionado co emprendemento mariño ou aproveitamento de recursos mariños-costeiros
- Grao de innovación da idea emprendedora
- Grado de sustentabilidade da idea emprendedora (economía circular, emprendemento azul...)
- Grao de solidez e viabilidade da idea emprendedora
- Grao de impacto da idea emprendedora no entorno (económico e social).

6. Compromisos adquiridos polas persoas emprendedoras

Os compromisos adquiridos polas persoas emprendedoras, de forma xeral, serán os seguintes:

- Aceptar e cumprir as Bases do Programa.
- Colaborar coas accións e actividades de promoción e difusión do Programa.
- Garantir que a información facilitada é fidedigna.
- Cumprir cos prazos marcados dende a organización para a entrega da información requirida.
- Garantir que as persoas emprendedoras, son maiores de idade.
- Asistir e participar de forma activa nas accións do Programa. Unha participación inferior ao 80% nas actividades programadas da Preincubadora será considerada como incumprimento de participación.
- Manter actualizada a información do proxecto e das persoas que integren o equipo durante a vixencia do Programa.

- Dar a súa conformidade coa normativa en materia de protección de datos, otorgar o seu consentimento en relación ao tratamento dos datos incluídos en cada unha das propostas, así como en relación ás imaxes que se poidan gravar durante os actos ou eventos xestionados no transcurso do Programa, todo isto en conformidade coas especificacións recollidas na cláusula desenvolta máis adiante denominada “Protección de datos Persoais”.
- Asistir ás sesións de titoría planificadas, sendo imprescindible que ás mesmas acuda, como mínimo unha das persoas emprendedoras da equipa, en caso de que sexan máis dunha.
- Garantir o dereito de explotación da tecnoloxía, de ser o caso, na cal se apoia o proxecto. Se a propiedade intelectual pertence a un terceiro, a equipa promotora deberá presentar documentación da titularidade na que se acredite a cesión do dereito de explotación de dita tecnoloxía e as condición de uso.
- Garantir que se fan responsables por calquera reclamación sobre propiedade intelectual ou utilización de información de dominio privado, mantendo indemne ás Entidades Promotoras ante calquera posible reclamación.

7. Incompatibilidades

Non poderán presentar proxectos:

- Persoal vinculado a aquelas entidades con representación no Comité Técnico do Programa.
- Persoal vinculado ás Entidades Colaboradoras no deseño ou a execución do Programa.

8. Revelación de información

As persoas participantes consenten, como norma xeral, a utilización dos datos básicos do proxecto durante os procesos de avaliación contemplados nestas Bases. Así mesmo, a aceptación destas Bases autoriza á entidade promotora á utilización de material audiovisual gravado ou desenvolto no transcurso do Programa en todas aquelas actividades de difusión e comunicación que consideren oportunas, con independencia do medio ou formato utilizado.

9. Comunicacións

Tódalas notificacións relativas ao desenvolvemento do Programa, incluída a relación de proxectos seleccionados, publicaranse no espazo da web do Concello de Sada, así como a todas as persoas participantes e rexistradas a través de correo electrónico dende a dirección empreamarsada@gmail.com e a través das redes sociais do programa.

10. Protección de datos persoais

De conformidade coa normativa en materia de protección de datos, infórmase que os datos facilitados polas persoas participantes a través da presentación dos seus proxectos serán tratados polos promotores do Programa e as entidades colaboradoras para os fins descritos nestas bases.

De acordo ca Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados ao longo da prestación do servizo Programa de Emprendemento Mariño en Sada Empreamar incorporaranse á Actividade de Tratamento titularidade Do Concello de Sada con CIF número P1507600C e domicilio social en Avda. Da Mariña, 25, 15160 Sada (A Coruña).

A finalidade do devandito tratamento é organizar esta actividade. Así mesmo os datos recollidos poderán ser cedidos a terceiros como consecuencia da incorporación dos mesmos á lista de asistentes, memoria de actividades da entidade organizadora (Axencia de emprego e desenvolvemento local do Concello de Sada) ou á empresa encargada de xestionar o programa (Implicatum Consultoría S.L.U.)

Neste sentido, a través do presente documento, os promotores informan que os datos que os participantes faciliten a través dos seus Proxectos, serán tratados coa finalidade de avaliar e valorar os proxectos presentados, de xestionar a participación no Programa e de difundilo e facer promoción pública do mesmo. Por outra banda, co fin de alcanzar o obxectivo de promover e divulgar o Programa, prevese a realización de toma de imaxes durante os diferentes actos que se levarán a cabo durante a vixencia do Programa, de forma que se procederá á publicación das mesmas. Dita publicación levarase a cabo a través dos diferentes medios de comunicación titularidade dos promotores do Programa, dos sitios web, redes sociais ou medios en papel ou dixitais.

Os promotores non recollerán, utilizarán ou revelarán información para outros propósitos que non sexan os descritos anteriormente. No caso de que, a través da participación no Programa, se faciliten datos de carácter persoal relativos a terceiros diferentes dos que se presentan no proxecto, a persoa participante comprométese a, previo a comunicación dos datos, informar aos titulares dos datos, absténdose de incluílos no caso de non obter o seu consentimento ao respecto.

Non se prevén cesións ou comunicacións de datos salvo aquelas que se requiran para a tramitación da participación no Programa, como pode ser a entidades aseguradoras, ou a colaboradores para a execución do Programa.

Os datos tratados conservaranse durante a vixencia da relación contractual, independentemente dos prazos de prescrición establecidos legalmente e mentres duren os prazos de prescrición para o exercicio das accións correspondentes. Por outra parte, infórmase que as persoas participantes poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, dirixíndose a emprego@sada.gal ou aedl@sada.gal.

En proba de conformidade, a presentación ou participación no Programa, supón a aceptación dos termos recollidos no presente documento e especialmente na presente cláusula de protección de datos.

11. Aceptación das Bases

A participación na Convocatoria supón a aceptación destas Bases, sen salvedades nin condicionantes, así como calquera resolución que se puidera producir.

No caso de constatarse durante o desenvolvemento do Programa que algún membro de calquera dos equipos ou das persoas participantes non cumpriese os compromisos adquiridos, o Comité

Técnico resérvase o dereito a esixir o cumprimento dos mesmos, e de non ser así, procederase á exclusión do proxecto.

12. Reclamacións

Para a interpretación e cumprimento destas Bases, o Comité Técnico e as persoas participantes no Programa someteranse á aplicación das leis españolas.

Toda controversia derivada da interpretación ou execución do presente documento, será resolta directamente polas partes, que se comprometen a realizar de boa fe, os maiores esforzos para unha solución consensuada das controversias, atendendo á común intención expresada no mesmo, nun prazo máximo de (15) días hábiles contados a partires da data na que calquera das partes de aviso por escrito á outra respecto de calquera reclamación, sen que a falta de resposta por parte de dita outra parte suspenda o prazo anteriormente sinalado.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultante deste documento ou da súa interpretación non fora resolta de acordo co establecido no apartado anterior, así como o relativo ao incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase mediante arbitraje na cidade de A Coruña. O laudo arbitral será definitivo e inapelable, renunciando a calquera recurso dispoñible contra o mesmo.

13. Inscripción , Prazos e Presentación da candidatura

Os proxectos deberán presentarse a través do formulario <https://cutt.ly/uj4q150> . Dito formulario de inscrición estará habilitado dende o 27 de xaneiro ata o 19 de febreiro ás 12.00 horas.

En caso de dúbidas, as persoas emprendedoras poderán mandar un correo electrónico a empreamarsada@gmail.com ou a aedl@sada.gal.